



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA IMPARTIR XORNADAS DE SEGURIDADE VIARIA NA ESCOLA DE VERÁN 2024 E POÑER EN VALOR AS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE EN EXECUCIÓN E EN PROXECTO NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-424

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José María Varela Martínez, xerente do padroado da Fundación Eduardo Pondal, con CIF G70262951, que asumiu as funcións de representación da entidade, na sesión ordinaria do seu padroado do 14 de xaneiro de 2017.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestruturas detectou a necesidade de realizar actuacións encamiñadas ao fomento da mobilidade sostible e mellora da seguridade vial na estrada AC-424, pertencente á rede primaria complementaria de estradas de Galicia, no entorno do Couto, termo municipal de Ponteceso. Por esta razón licitou as obras de clave AC/19/073.06, que están en execución, para construír un itinerario peonil seguro e continuo na AC-424, pp.qq. 1+150-1+400. Con esta actuación perséguese un triplo obxectivo: mellorar a seguridade viaria na zona de circulación; mellorar de seguridade viaria nas marxes da estrada e dar continuidade ao itinerario peonil existente desde Ponteceso hasta el p.q. 1+140 da AC-424 pola súa marxe esquerda.



Segundo.- Dita actuación terá continuidade nunha segunda fase, cuxo proxecto está en elaboración, e que construíra dous novos treitos de senda peonil na AC-424.

Un dos treitos comezará no final do paseo de Ponteceso (p.q. 0+270) e rematará no inicio da nova senda que se está a construír no Couto (p.q. 1+150), discorrendo pola marxe esquerda. O outro treito unirá Corme Aldea con Corme, discorrendo entre os puntos quilométricos 6+630 (Corme Aldea) e 7+530 (inicio das beirarrúas de Ponteceso).

Terceiro.- Estas actuacións pretenden modificar a conduta e os hábitos dos usuarios nos seus desprazamentos cotiáns, na procura dunha mobilidade máis sostible, respectuosa co medio ambiente e enerxéticamente eficiente, cunhas menores emisións de CO₂. Isto, ademais, implicará a mellora da seguridade viaria para todos os usuarios da estrada, e especialmente aqueles máis vulnerables, como son os peóns e os ciclistas.

Cuarto.- Pola súa parte a Fundación Eduardo Pondal ven organizando dende a súa creación escolas de verán que abranguen o ámbito xeográfico dos concellos de Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Malpica de Bergantiños e Carballo. A edición programada para o verán 2024 está orientada á seguridade viaria e vai dirixida principalmente a mocidade de entre 12 e 16 anos. As actividades están pensadas e deseñadas para proporcionarlles unha cultura viaria que inclúe estratexias de prevención, políticas de precaución e normas legais a través de coñecementos, destrezas, habilidades, hábitos, valores e actitudes, aplicables tanto como peóns, pasaxeiros ou futuros condutores.

Quinto.- O Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 recolle como un dos seus obxectivos o de Visión Cero, acadar a eliminación de falecidos e feridos graves no ano 2050, xunto co Sistema Seguro, onde se trata de xerar un sistema de capas de protección que garante, que si un elemento falla outro elemento tratará de compensar os erros para reducir o impacto negativo dende a perspectiva de responsabilidade compartida. A educación e a sensibilización dende idades moi temperas na seguridade viaria, a adquisición da conciencia sobre a necesidade de respectar a normativa en materia de tráfico e de evitar os factores de risco, é un dos campos nos que cómpre incidir para acadar maiores cotas de seguridade viaria.



Sexto. Do exposto anteriormente, conclúese que neste ano 2024 se produce a circunstancia singular de coincidir a actividade de sensibilización promovida pola fundación, coa obra que executa a Axencia Galega de Infraestruturas, e que a colaboración de ambas institucións pode multiplicar os efectos positivos das respectivas iniciativas en favor da seguridade viaria e da mobilidade sostible. Para iso, a Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración coa Fundación Eduardo Pondal pretende incidir, a través da escola de verán, na adquisición de hábitos e actuacións positivas da mocidade nas estradas e na concienciación dos perigos aos que están expostos, considerándoo como un investimento nuns usuarios máis seguros, xa sexa como peóns ou como futuros condutores.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e a Fundación Eduardo Pondal para realizar varias actividades no ámbito da seguridade viaria con menores na escola de verán que se levará a cabo na sede da fundación, casa reitoral de San Tirso de Cospindo, no Concello de Ponteceso, dende comezos de agosto ata comezos de setembro, nun horario de 9:00 a 13:30 h.

As actividades programadas son interdisciplinarias para aprender dun xeito lúdico. Serían as seguintes:

- Achegamento ao eido audiovisual coa elaboración de anuncios e contidos para a sensibilización sobre a educación viaria.
- Diagnóstico do modelo viario e urbanístico do concello
- Realización dunha ruta ciclo-turística pola contorna
- Ciclos e conferencias orientadas a rapaces e as súas familias
- Xornada sobre o estudo do impacto medioambiental do abuso dos modos motorizados e dos seus efectos sobre a saúde pública



- Xornada para familias sobre sistemas de retención
- xornadas de atención sanitaria en primeiros auxilios
- contacontos infantil sobre os bos hábitos na seguridade viaria
- Obradoiros de arte e reciclaxe, psicomotricidade e pre-deportivos, de comida saudable, expresión corporal e expresión musical
- Circuito de triciclos, patíns e bicicletas
- Saída polos arredores da sede da Fundación, roteiro á praia de Valarés
- Elaboración dunha guía responsable de boas prácticas e consellos
- Xornada de confraternidade, clausura da escola, ruta previa a pé, actuacións musicais e teatrais

Estas actividades desenvolveranse no contexto de realización das obras de "Senda na AC-424. pp.qq. 1+150-1+400 (O Couto)" e de elaboración do novo proxecto de "Sendas peonís na AC-424 en Ponteceso. Segunda fase", de modo que se aproveitará para poñer en valor a súa utilidade e fomentar a mobilidade sostible.

O orzamento necesario para poder levar a cabo esta actividade estímase en **catorce mil novecentos noventa e cinco euros** (14.995,00 €) sen IVE por estar exenta de conformidade co artigo 20.1.12º da Lei 37/1992, do 18 de decembro, do imposto sobre o valor engadido e o acordo da Axencia Tributaria do 19 de xullo de 2011.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL

A Fundación Eduardo Pondal obrígase a realizar as actividades programadas descritas na cláusula primeira, todas elas enfocadas no ámbito da seguridade viaria, na escola de verán 2024.

Os contidos concretos así como o desenvolvemento de todas as actividades na escola de verán, recolleranse nun documento final, onde se especifiquen por días os traballos realizados xunto cos comentarios que se estimen oportunos sobre os resultados obtidos.





Unha vez realizadas as prestacións con conformidade e logo de entregada a antedita memoria resumen das actividades dará lugar a un só pagamento, para o que a Fundación deberá expedir a documentación acreditativa pertinente onde se consigne o importe que deba satisfacer a AXI.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as diferentes actividades programadas no ámbito da escola de verán centrada na temática da seguridade viaria ata un máximo de **catorce mil novecentos noventa e cinco euros (14.995,00 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013 00003 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas do ano 2024.

Ademais, facilitará á Fundación a información necesaria para vincular as súas actividades coa obra en execución e co proxecto en redacción.

Unha vez realizados os traballos de conformidade e entregada a documentación final a cantidade sinalada aboarase á Fundación nun único pago.

CUARTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante da Fundación Eduardo Pondal.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, suplementariamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de



contratos do sector público, e da Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio e requirirá acordo unánime entre a Fundación Eduardo Pondal e a Axencia Galega de Infraestruturas.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados dende a data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O Xerente do padroado da Fundación Eduardo Pondal, José M. Varela Martínez

